

18 congreso  
Ourense



26 setembro 2021

Os concellos de OURENSE  
protagonistas do  
futuro da provincia

Ourense  
camiña

# OPINIONES Y ANÁLISIS

**Coordinadora-Relatora:**

Melisa Macia Domínguez.

**Redactores:**

Álvaro José Fernández López

Ricardo González Gómez

## Os concellos de OURENSE protagonistas do futuro da provincia

Dise que a comunicación é unha das nosas máispreciadas ferramentas para a conexión e o avance do ser humano. Para que esa comunicación sexa fructífera, é fundamental a existencia dos seus tres factores: o emisor, o receptor e a mensaxe.

¿Non sería equiparable esa conexión ao que sucede na relación entre cidadán e concello, coa necesaria cooperación de institucións como Deputación e Xunta?

Cada cidadán é o noso emisor, o que traslada día a día as necesidades e propostas de mellora para a prosperidade do seu entorno, do seu fogar. A entidade local cumpre aquí un rol fundamental como receptor, xa que representa a cercanía.

Detrás desa figura do receptor, atópase un/unha veciño/a que coñece de preto o que a súa localidade necesita e as persoas que forman parte dela. Sen dúbida, o máis importante dun lugar son as xentes que o habitan, as que o fan único e especial. Por iso, os representantes políticos de cada concello, coñecéndoo en proximidade, son os que poden comprender máis a fondo o contido desa mensaxe que o veciño lles emite.

Contando coa esencial visión do cidadán, xorden ideas, proxectos, ilusións por mellorar. Na maioría dos casos, estas iniciativas non poderían converterse en realidade sen a colaboración entre institucións. A Deputación de Ourense e a Xunta dan impulso a cada proxecto, creando un nexo de unión coa en-

tidade local e, por ende, co veciño. Está máis que demostrado que tendo como base a unión e a cooperación, contamos coa fórmula idónea para avanzar na busca do ben común.

Así coma non podería ser entendida a comunicación sen o emisor, o receptor e a mensaxe, tampouco serían reais e factibles os conceptos “democracia” e “progreso” sen unha correcta atención ás propostas do cidadán a través da entidade local.

**A Administración Municipal é a máis próxima aos veciños.** Sen dúbida, de certo é así, e non por sabido debemos obviarlo. Somos os grupos de gobernos municipais os que aos ollos dos nosos veciños convertemos os recursos nos beneficios que perciben de forma máis cercana, xa sexan melloras nas infraestruturas que máis utilizan, ou en novos servizos municipais, ou en políticas sociais entre outras.

Polo tanto, **poñer aos veciños no centro de todas as nosas decisións** non pode quedar nun lema, si non que debe ser o **Valor** máis importante de cada equipo de goberno municipal —sexa cal sexa o tamaño do concello— e debe guiarnos cando decidamos cales son as prioridades do noso mandato. E dado que as necesidades son numerosas, non cabe dúbida que o noso plan de acción será suficientemente ambicioso como para que os recursos municipais sexan insuficientes para levalo a cabo. Pero corremos un grave risco si cando falamos de escaseza de recursos pensáramos exclusivamente no aspecto económico, por suposto imprescindible na nosa xestión, pero non é o

único recurso escaso para levar a cabo o noso plan municipal.

Na nosa responsabilidade de encontrar solucións que nos permitan levar a cabo os nosos proxectos, é onde a colaboración con outras Administracións como a Deputación de Ourense, xoga un papel crítico para o desenvolvemento dos municipios. Unha colaboración que analizamos dende tres perspectivas:

### 1. **Perspectiva de Colaboración Estra-**

**téxica:** A mellor forma de facer unha provincia de Ourense forte e próspera é desenvolver concellos fortes, prósperos e diferenciados que aportemos valor tanto aos nosos veciños como ao conxunto da provincia, e por extensión, a Galicia. A Deputación de Ourense ten unha perspectiva completa de Provincia, e esa capacidade complementa a nosa visión local. A suma de ambos puntos de vista permitíranos levar a cabo un plan de acción municipal de alto valor para os veciños, e que ao mesmo tempo encaixe na visión de provincia. Proba delo é, como exemplo, o Plan Termal Provincial que suma ao potencial termal de distintos municipios a capacidade da Deputación de sumar ese potencial para convertilo en Provincia Termal como motor turístico e económico do noso territorio. Outro exemplo é a visión de comarca que impulsa e Deputación para interpretar o Río Miño como nexo de unión de todos os concellos que forman parte da D.O. Ribeiro.

### 2. **Perspectiva de Cooperación Municipal:**

A medio camiño entre a cooperación estratéxica e o financiamento de proxectos

locáis, encontramos na Deputación de Ourense un aliado imprescindible para executar plans que son comúns a todos os concellos da provincia. Un exemplo enormemente claro é a colaboración da Deputación na xestión da Covid-19 nos nosos concellos, ofrecendo axudas directas aos 5.000 autónomos da provincia cun procedemento áxil e sen burocracia, a diferenza do goberno central, que mostrou nun dos momentos máis complexos para miles de traballadores, a súa absoluta incapacidade para xestionar. Outro exemplo extraordinario foi a decisión de duplicar os plans de empregabilidade dos concellos no ano 2020, que permitiron ter traballo ao dobre de persoas que calquera ano antes da pandemia dentro diste plan.

### 3. **Perspectiva de Singularidade Municipi-**

**pal:** Non podemos obviar que cada concello ten necesidades particulares en infinidade de ámbitos: servizos sociais, mellora de saneamentos, mellora enerxética, equipamentos deportivos, mantemento de firmes, novas instalacións municipais, dixitalización, etc. Neste apartado volve ser imprescindible coñecer polo miúdo as principais necesidades do noso concello **hoxe e mañá**, poñendo aos veciños no centro das nosas accións para invertir os recursos municipais nas de maior impacto para o noso concello. E tamén nesta perspectiva de Singularidade Municipal, a Deputación é un aliado imprescindible colaborando con todos os concellos no financiamento de tantos proxectos municipais que serían imposibles de levar a cabo só cos recursos do concello.

Igual que profundizamos na importancia da colaboración entre concellos e Deputación de Ourense, non é menos importante o papel da Xunta de Galicia e de todas e cada unha das Consellerías no desenvolvemento do noso territorio. De novo, todos nós temos exemplos abondo desta colaboración indispensable. E depende de nós -da nosa capacidade para definir e transmitir as nosas prioridades ás demais Administracións- que sigamos facendo medrar aos nosos concellos, e por extensión fagamos unha Provincia de Ourense forte e unha Galicia próspera e saudable en todos os sentidos.

Deputación como organismo supramunicipal xoga un papel fundamental. A parte da achegas directas que fan posible levar adiante proxectos nos concellos, os plans de emprego ou a xestión de moitos servizos, son un alivio económico para as arcas municipais.

Todo isto sería impensable sen un traballo en rede, e sen o posicionamento que a nosa Deputación ten en Europa, para á obtención de fondos da Unión Europea.

Lidera varios entes importantes en Europa, como son:

1. **Partenalia (Rede Europea de gobernos provinciais):** onde se defenden os intereses dos gobernos provinciais fronte la Unión Europea, co obxectivo de alcanzar a máxima lexitimación, e acceder aos principais fondos e axudas europeas. Defendendo os intereses de miles de concellos e municipios. No caso da Deputación de Ourense priman tres eixes fundamentais no reparto destes fondos:

- **A defensa do Medio Ambiente:** incorporando programas coidadosos co medio natural.
- **A sostibilidade da Provincia:** a través da Provincia Intelixente, promovendo políticas que potencien o rural e a súa capacidade competitiva.
- **A transparencia Pública:** Liderando o ranking, como administración máis transparente e informativa. Tratando sempre de incorporar aos cidadáns nos procesos de toma de decisións e nas elaboracións de políticas públicas.

## 2. Foro termal do Eixo atlántico e Presidencia de European Historic Thermal Towns Association.

A presidencia do Foro Termal, creado para a promoción e impulso do recoñecemento público do termalismo da Eurorexión, Galicia-Norte de Portugal a nivel nacional e internacional, a través da estratexia conxunta en sintonía coa nova era do Eixo Atlántico. Isto conclúe nun traballo de desenvolvemento conxunto das catorce entidades locais que integran o Foro. O traballo levado a cabo, pon en valor o termalismo, así como o patrimonio termal, o intercambio de boas prácticas e participación conxunta, en proxectos que posibiliten a promoción do sector termal.

En canto a Presidencia da Asociación de Cidades Históricas Termiais de Europa, está integrada por 51 lugares termiais de 18 países, nos que a nosa provincia

ocupa un lugar estratéxico. Esta asociación exerce un papel de reivindicación e concienciación nas institucións europeas, sobre a necesidade de implementar e apoiar políticas termais, así como promover vilas termais en Europa como vía de dinamización económica sobre todo do medio rural.

Desde a Deputación sempre se apostou polo termalismo e as augas medicinais, así como, os programas e estancias nos balnearios da provincia. Pero sen dúbida a maior das ambicións do goberno provincial é converter o edificio no que se sitúa o Pazo Provincial, no mellor balneario da provincia situado no corazón da cidade de Ourense.

### **3. Vicepresidencia da Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios:**

Sendo a maior rede de cooperación territorial de Europa, integrada polas asociacións das provincias de oito estados membros da Unión Europea, ademais de 40 territorios europeos das redes Networking Político. A nosa Deputación unha vez máis, nun sitio estratéxico, intentando defender os intereses propios dos nosos territorios desde un lugar común como é Europa, conseguindo autonomía económica para a xestión de fondos de cohesión e o desenvolvemento de proxectos que melloren a calidade de vida dos municipios rurais.

### **4. Vicepresidencia de FEMEMBALSES: federación Nacional de Municipios e Municipios con Embalses e Centrais hidroeléctricas.**

Nunha provincia como a de Ourense marcada pola auga e os seus aproveitamentos, a Deputación dentro de esta Federación marca a súa presenza reivindicando os dereitos dos municipios, sobre as concesións das hidroeléctricas e a reclamación das competencias dos municipios. Nestes últimos meses no que algúns municipios veñen sufrindo o baleirado dos seus embalses, a Deputación pon en coñecemento este feito ante os organismos competentes, a vez que presta o seu apoio os municipios afectados, na busca de solucións a esta situación.

### **5. Presenza da Deputación na Xunta Directiva da FEMP e na Comisión Executiva de la Fundación Democracia e Goberno Local:**

Trátase do Think Tank máis importante do mundo local Español.

Non queda dúbida polo tanto, do papel dos concellos como entidades de democracia e progreso. Sempre en colaboración coa Deputación e a Xunta creando un traballo en rede, e aproveitando a situación que ocupa a Deputación nos estamentos Europeos. Isto se traduce en máis fondos para os concellos, así como máis colaboración entre administracións.



18 congreso  
Ourense  

26 Setembro 2021

Ourense  
camiña